

ACTA Nº 29/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 19 DE XULLO DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

D. Arturo González Pérez.

D.^a Libertad Cruz Couso

Escusan a súa inasistencia D. Víctor Manuel Pastoriza Lino e D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 19 de xullo de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18.00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 25/10 do 21 de xuño de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións n^{os} 365/10 e 366/10, ámbalas dúas do 15 de xullo, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local para recoñecer a obriga para o posterior pagamento á LA SOCIAL por asistencia técnica meses de maio e xuño, e para autorizar e dispoñer o gasto para diversos gastos derivados da organización da regata de trañas Mar de Moaña-Liga San Miguel ACT. Na resolución 366/10 avocou co obxecto de dar de alta a unha socia no servizo da ludoteca municipal.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de

Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 90/10 – D. DANIEL VERDEAL RÍOS presenta proxecto de cambio de cuberta en vivenda unifamiliar sita no barrio de Verdeal, nº 50, Domaio, redactado polo arquitecto técnico D. Alfredo de la Campa Fervenza, , visado na data 16.06.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN DE CUBERTA (OBRA MAIOR)
INFORME: **Procede licenza das obras de conservación.**

Non precisa informes sectoriais.

A petición inicial de cambio de cuberta foi substituída por outra solicitude posterior de cambio de tella que quedou reflectida con rexistro de entrada 5611 de 7/07/2010 con separata con data de visado de 06/07/2010, petición a cal refírese a licenza.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais así como do uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Atendendo as definicións do Capítulo IV relativas as normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo Artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	179,48 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 111/10 – D^a. NURÍA SANTOMÉ RÚA presenta estudo técnico para pintado exterior de edificación existente na rúa Daniel Castelao, 33, do barrio do Real, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 06.07.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 12 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA PINTADO EXTERIOR DE EDIFICACIÓN.
INFORME: **Procede licenza de acordo coa documentación técnica presentada.**

Non require informes sectoriais.

A presente licenza de conservación outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	32,49 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.C) EXPTE. 103/10 – D. JAIME EIROA CORDEIRO E D^a. MARCELINA VÁZQUEZ MARTÍNEZ presentan proxecto básico e execución de reforma de planta 3ª para vivenda, en edificio sito na rúa Daniel Castelao, nº 11, do barrio do Real, redactado polo arquitecto D. Gumersindo Vázquez Gómez, visado na data 18.06.10.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 12 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA DE PLANTA 3ª PARA VIVENDA
INFORME: Procede licenza de acordo co proxecto presentado.

Proxecto básico e de execución.

Non require informes sectoriais.

Non require acta de replanteo paara o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fanza polos custes de urbanización.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	1.981,69 €
Taxas licenza urbanística	176,94 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.D) EXPTE. 102/10 – D. JOSÉ MANUEL VARELA PEREIRA presenta estudo básico para retoque de aleros en vivenda unifamiliar existente no barrio de Couso, 44, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 18.06.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 12 de xullo de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CONSERVACIÓN DE ALEROS
INFORME: Procede licenza.

Non require informes sectoriais.

A licenza de conservación outórgase ao abeiro do Artigo 9º da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 21,37 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

Cartel de obra..... 110,00 €

4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZAS DE APERTURA

4.A) EXPEDIENTE 23/10 – D.ª MARÍA NURIA MARTÍNEZ SANTOMÉ

Vista a instancia presentada o día 25 de febreiro de 2010 por Dª María Nuria Martínez Santomé expón que é a nova titular do cafe-bar sito na rúa Concepción Arenal, 72, cuxo anterior titular é RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.. Solicita o cambio de titularidade da licenza de apertura ao seu nome, e achega copia do DNI, alta no IAE, baixa no IAE do anterior titular, e copia do contrato de aluguer.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 13 de xullo de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 13.07.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. Maria Nuria Martínez Santome, na data do 25.02.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Concepción Arenal nº 256, pertencente a RÍO DE RIVEIRA MACBIL, S.L., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Concepción Arenal, nº 72, pertencente a RIO DA RIVEIRA MACBIL,. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 26.04.2010**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Concepción Arenal, nº 72, pertencente a **RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data 26.04.2010**, a favor de **D.ª MARÍA NURIA MARTÍNEZ SANTOMÉ**.

4.B) EXPEDIENTE 20/10 – D.ª MARÍA BELÉN MARTÍNEZ CARBALLA

Vista a instancia presentada o día 2 de xuño de 2010 por Dª María Belén Martínez Carballa expón que é a nova titular do QUIOSCO sito nos Barreiro - Meira, cuxo anterior titular era o seu marido, D. Pablo Piñeiro Costa. Solicita o cambio de titularidade da licenza de apertura ao seu nome, e achega alta no IAE, baixa no IAE do anterior titular.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 14 de xullo de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 14.07.10, en relación coa solicitude presentada por Dna. Maria Belén Martínez Carballa, na data do 02.06.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de QUIOSCO, sito na rúa Os Barreiros - Meira, pertencente a D. Pablo Piñeiro Costa, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de QUIOSCO, sito na rúa Os Barreiros, Meira, pertencente a D. Pablo Piñeiro Costa. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 03.08.2009**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de QUIOSCO, sito nos Barreiros, Meira, pertencente a **D. PABLO PIÑEIRO COSTA**, aprobada pola **Comisión de Goberno de data 03.08.09**, a favor de **D.^a MARÍA BELÉN MARTÍNEZ CARBALLA**.

5- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 12 de xullo de 2010 que textualmente di:

Vista a relación de facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 190 e o anexo III da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende a 41.012,83 €.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 41.012,83 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
30-2010	Jesús Jalda Vazquez	3340 22610	812,00
23-10	Manuel Portela Marcos	1340 22199	185,83
F/33	Empresa Monforte, S.A.	1320 20400	948,00
553564	Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos	9200 22201	1.175,76
14	Juncal Barros, Israel (Maikel & Best)	3410 22601	267,96
15	Juncal Barros, Israel (Maikel & Best)	3410 22601	1.437,24
75	María Isabel Cruz Carro (Del Río Sport)	3410 22601	206,00
553608	Sociedad Estatal de Correos y Telegrafos	9200 21600	575,02
Total anexo I			5.607,81

ANEXO II			
Factura	Provedor	Partida	Importe
0011	Servicios Digitales del Atlántico, S.L.	9200 22000	3.032,82
018/2010	José Buceta Amoedo	1510 22706	5.798,84
366261	S.E. Carbuos Metálicos, S.A.	1510 22199	269,86
10/3833	Peypcar Pontevedra, S.L.	1320 22104	109,04
1649215	R. Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.	2310 22200	77,88
5162	Paz Dismac, S.L.	9200 22000	427,19
64/2010	Ana Santa Cecilia Escudero	9200 22624	141,02
61/2010	Ana Santa Cecilia Escudero	9200 22624	245,14
10/344	Extintores Marinex, S.L.	3420 21300	56,48
7817	Jucons Galicia, S.L.U.	1550 20300	1.607,76
363	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	373,30
361	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	248,08
377	Maria Luz Montes Costal	3420 22110	52,62
376	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	96,01
375	Maria Luz Montes Costal	3340 22110	136,56
374	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	210,01
373	Maria Luz Montes Costal	4310 22110	80,57
364	Maria Luz Montes Costal	2310 22110	68,50
362	Maria Luz Montes Costal	1550 22110	29,31
360	Maria Luz Montes Costal	2340 22110	31,71
359	Maria Luz Montes Costal	2310 22110	127,07
358	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	154,98
357	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	208,11
355	Maria Luz Montes Costal	3340 22110	53,09
354	Maria Luz Montes Costal	9200 22110	38,08

353	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	295,10
352	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	111,96
351	Maria Luz Montes Costal	3420 22110	80,26
03	José Portela Calvar	3340 22610	720,00
905	Electroauto Cangas, S.L.	1550 21400	178,40
1103	Electroauto Cangas, S.L.	1550 21400	108,41
817	Electroauto Cangas, S.L.	1550 21400	215,66
80	Mª Isabel Cruz Carro (Del Rio Sport)	3410 22601	347,00
5/2010	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	3250 22609	448,00
4/2010	BANDA DE MUSICA AIRIÑOS DO MORRAZO	3250 22609	890,00
891391	S.O. Rias Baixas, S.L.U.	2310 22003	81,48
101	Cybernova Moaña, S.L.	9200 21600	351,87
103	Cybernova Moaña, S.L.	9310 22002	65,01
104	Cybernova Moaña, S.L.	9200 22002	130,00
20105561	Unit 4 Business Software Spain, S.L.U.	9310 21600	82,23
20105562	Unit 4 Business Software Spain, S.L.U.	9310 21600	877,24
2341487	Gas Natural S.U.R., SDG, S.A.	9200 22120	37,96
435	Maria Luz Montes Costal	1550 21110	106,57
436	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	95,58
437	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	70,83
438	Maria Luz Montes Costal	3370 22110	61,26
439	Maria Luz Montes Costal	2310 22110	208,13
440	Maria Luz Montes Costal	2340 22110	15,95
441	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	133,91
442	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	37,25
443	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	400,41
444	Maria Luz Montes Costal	3420 22110	223,47
445	Maria Luz Montes Costal	9200 22110	163,01
446	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	163,55
447	Maria Luz Montes Costal	4310 22110	172,33
448	Maria Luz Montes Costal	3210 22110	149,27
6681	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1550 22103	2.672,04
802	Sanchilán, S.L.	1320 22700	6,00
812	Sanchilán, S.L.	1340 21400	241,28
801	Sanchilán, S.L.	1550 22103	174,00
6686	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1720 22199	182,00
6684	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1320 22103	524,70
6685	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1340 22103	323,64
6682	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	9200 22103	55,99
6685	Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L.	1340 22103	49,71
1260	Almacenes Canducho, S.L.	varias	666,42

17	Juncal Barros, Israel (Maikel & Best)	3410 22601	793,44
16	Juncal Barros, Israel (Maikel & Best)	3420 22104	243,60
4579	Peycar Pontevedra, S.L.	varias	300,96
A301	Obras y Servicios Fernández, S.L.	1550 22300	974,40
734053	Wurth España, S.A.	1550 22199	494,81
6052	Paz Dismac, S.L.	9200 22000	315,22
7594	Initial Textiles e Hixiene, S.L.	9200 22699	345,11
901681	Domaio, F.C.	3420 22100	130,31
175051	Domaio, F.C.	3420 22100	84,38
90882	Comercial Senra, S.A.	3420 20203	234,32
210537	Telga Comunicaicones, S.L.	1320 20800	89,27
Total anexo II			29.597,73

ANEXO III			
Factura	Provedor	Partida	Importe
452731	Telefónica Móviles de España, S.A.	varias	68,44
002903	Telefónica de España, S.A.	varias	3.621,29
382910	Telefónica Móviles de España, S.A.	varias	2.117,56
Total anexo III			5.807,29

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 41.012,831 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España, S.A. por un importe de 517,61 euros

Cuarto: Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor do 19 de xuño de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

6.- SOLICITUDE DE ASISTENCIA A CURSO

O inspector xefe solicita a asistencia os días 30 de setembro e 1 de outubro á acción formativa *Como entender a Policía municipal e melloral* na sede da FEGAMP, Santiago de Compostela, co pagamento do quilometraxe a Santiago (dous días, dúas viaxes de ida e volta) e de dúas medias dietas. Como nesas datas está de vacacións, solicita que eses días se lle engadan ao seu período vacacional, sendo este así do 3 de setembro ao 13 de outubro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: autorizar a asistencia do inspector xefe ao curso solicitado, e recoñecerlle os dereitos de quilometraxe e axudas de custo pola súa asistencia, segundo o acordo marco. Segundo: establecer o seu período vacacional desde o 3 de setembro ao 13 de outubro.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR URBANIZACIÓN

D^a Itziar Soto Sotelo e D. Jonathan Villar Soage, por escrito do 2 de xullo, expoñen que obtiveron a licenza de primeira ocupación nunha vivenda unifamiliar situada en Abelendo – San Martiño, número de expediente 05/07. Achegan copia da licenza e copia do pagamento por fianza por urbanización. Solicitan a devolución da fianza.

Visto o informe do 12 de xullo do inspector de obras, no que recolle que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da alineación oficial sobre a parcela se encontran totalmente rematadas e adaptanse ás características técnicas especificadas no proxecto que serviu de base para a concesión da licenza, e no que conclúe que **procede a devolución da fianza da cantidade de 850,00 euros**,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución de 850,00 euros depositada para responder da urbanización do expte. de obras 05/07 solicitada por D.^a Itziar Soto Sotelo e D. Jonhathan Villar Soage.

8.- PROGRAMA DE XIMNASIA PARA AS PERSOAS MAIORES CURSO 2010-2011

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural, de data 14 de xullo de 2010, que di:

Rematado o curso 2009-2010 das aulas de ximnasia para maiores (30 de xuño), e dada a gran demanda suscitada polo programa de ximnasia para maiores, que este Concello está a levar a cabo dende o ano 93 a través da Concellería de Servizos Sociais, e polo que este servizo informa á Comisión que o curso **2010-2011** comezará **o venres 1 de outubro de 2010 (ata o 30 de xuño de 2011)**.

A cota a pagar polos interesados será de 5 €, igual que o curso anterior, que se abonará no Departamento de Recadación do Concello, do 1 ao 10 de cada mes para os participantes das aulas de: Fanequeira, Meira, local do club de pensionistas O Carme, Broullón, Verducedo, O Real, Tirán, Sabaceda, Abelendo e Ameixoadá.

Os participantes da aula de Domaio farán o ingreso dos 5 € ao igual que cursos pasados en CAIXANOVA en Domaio, número de conta bancaria do Concello.

O listado dos participantes así como as baixas e altas ao longo do ano as pasará directamente a animadora sociocultural ao Departamento de Recadación do Concello.

Proposta::

1. Aprobar o comezo das clases de ximnasia para as persoas maiores o venres de outubro de 2010 ata o 30 de xuño do 2011.
2. Aprobar a cota mensual de 5 € aos participantes. O pagamento efectuarase no Departamento de Recadación do Concello para as aulas de: Fanequeira, Meira, Local do Clube de Pensionistas o Carne, O Real, Sabaceda, Broullón, Abelendo, Tirán, Verducedo e Ameixoadá.
3. Aprobar o pagamento da cuota dos 5 € en Caixanova de Domaio para os participantes da aula de ximnasia de Domaio (este ingreso farase á conta bancaria que este Concello ten en Caixanova).
4. Aprobar que sexa a animadora sociocultural a que traslade directamente ao Departamento de Recadación do Concello o listado de inscristos nas distintas aulas de ximnasia, así como as altas e baixas ao longo do ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas presentes, acorda aprobar a proposta presentada pola animadora sociocultural para o programa de ximnasia para as persoas maiores curso 2010-2011.

9.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN, CONTRATACIÓN ARTÍSTICA, PRODUCCIÓN E PUBLICIDADE DA XXVI EDICIÓN DO FESTIVAL INTERCÉLTICO DO MORRAZO.

En data 6 de xullo de 2010, esta Alcaldía-Presidencia acordou adjudicar provisoriamente o contrato de servizos de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo á NONSI, SERVICIOS CULTURAI S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

- OFERTA ARTÍSTICA (Custos SGAE incluídos): Solas, Anxo Lorenzo, Ophiusa, Garma. Importe: 29.028,00 euros (Ive incluído).
- OFERTA DE PRODUCCIÓN: Cameríns, baños, xeradores eléctricos, persoal produción, hoteis, manutención e catering, equipo de son, backline, seguridade imprevistos, seguros de responsabilidade civil e de suspensión por causas climatolóxicas e produción da empresa. Importe: 18.731,40 euros (Ive incluído).
- OFERTA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN: Cartacería, radio, web, tarefas prensa, mailing promocional. Importe: 1.245,80 euros (Ive incluído).

PREZO TOTAL: 49.005,88 euros. (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE.).

O acordo de adjudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante do órgano de contratación en data 7 de xullo de 2010.

O acordo de adjudicación provisoria foi notificado ao adjudicatario provisorio en data 9 de xullo de 2010.

En data de 19 de xullo de 2010, o adxudicatario provisorio presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, e ca Seguridade Social e certificado de alta no IAE.

De conformidade co previsto no artigo 21 dos pregos de cláusulas administrativas do contrato, a Xunta de Goberno por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de servizos de servizos de organización, contratación artística, produción e publicidade da XXVI edición do Festival Intercéltico do Morrazo á Empresa NONSI, SERVICIOS CULTURAIS S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada, entre as que se inclúe dúas persoas de nova contratación para a prestación do servizo:

- OFERTA ARTÍSTICA (Custos SGAE incluídos): Solas, Anxo Lorenzo, Ophiusa, Garna. Importe: 29.028,00 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PRODUCCIÓN: Cameríns, baños, xeradores eléctricos, persoal produción, hoteis, manutención e catering, equipo de son, backline, seguridade imprevistos, seguros de responsabilidade civil e de suspensión por causas climatolóxicas e produción da empresa. Importe: 18.731,40 euros (Ive incluído).

- OFERTA DE PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN: Cartacería, radio, web, tarefas prensa, mailing promocional. Importe: 1.245,80 euros (Ive incluído).

PREZO TOTAL: 49.005,88 euros. (42.216,77 + 6.789,11 euros de IVE.).

SEGUNDO.- Requirit do adxudicatario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato.

TERCEIRO.- Nomear ao Concelleiro de Cultura, D. Diego Manuel Riobó Martínez, responsable do contrato.

CUARTO.- Publicar este acordo no BOP e no perfil do contratante do órgano de contratación e notifícalo ao adxudicatario e demais licitadores.

10.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE PÚBLICO DA GUÍA”.

En maio de 2010 elaborouse Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento do Parque público da Guía” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, que conta cun importe de execución por contrata de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS CENTO DOUS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS, IVE incluído (48.102,31 EUROS) (40.764,67 € + 7.337,64 € de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, recibíndose oferta da mesma de data 8 de xullo de 2010, nº de rexistro de entrada 5.631.

Á oferta presenta as seguintes condicións: PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS: Prezo: CORENTA E OITO MIL

TRESCENTOS CIENTO DOUS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS, IVE incluído (48.102,31 EUROS) (40.764,67 € + 7.337,64 € de 18% de IVE).

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra .

Pola Intervención Municipal practicouse con data 15 de xullo do 2010 a oportuna Retención de crédito con cargo á partida 1710.60911 do vixente Orzamento municipal.

Atendendo ao disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a delegación de competencia da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2007

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento do Parque público da Guía” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, con cargo ao PPC-2010.

SEGUNDO.- Aprobar a Proposta de adxudicación e aprobación de gasto en relación ca contratación da obra “Acondicionamento do Parque público da Guía.”

TERCEIRO.- Adxudicar o CONTRATO MENOR da obra “Acondicionamento do Parque público da Guía” á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por un importe total de 48.102,31 euros, IVE incluído, conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de un mes.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 1710.60911 do Orzamento Municipal por importe de 48.102,31 euros.

QUINTO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.038,23 Euros e se lle cite para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal e responsable do contrato a D. Victor Pastoriza Lino, Concelleiro de Servizos.

11.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 19 de xullo ás 12:10 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 19 de xullo de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:10 horas, réunese a Mesa de Contratación da obra “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Arturo González Pérez, representante do PSOE, D. Euloxio Santos Leites, representante de INMO, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e D. Rodrigo Currás Torres, Arquitecto redactor do proxecto, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración dos informes respecto á valoración da posibilidade de concorrencia en desproporcionalidade ou anormalidade nas baixas presentadas polas ofertas.

Visto o informe da Secretaría, de data 15 de xullo de 2010:

“INFORME DE SECRETARÍA

Dando cumprimento á Providencia da Alcaldía de data 21 de abril do presente ano emítase informe sobre os extremos que se deducirán dos seguintes:

ANTECEDENTES

I.- En data 14 de xuño de 2010 se aproban os Pregos de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación da obra por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, da obra: “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”. Nos citados pregos se establece previsión respecto do cálculo da desproporcionalidade nas baixas, na súa cláusula 17.4 establece unha fórmula de cálculo das baixas anormais ou desproporcionadas.

II.- A Mesa de Contratación celebrada o 9 de xullo de 2010 procede á apertura das ofertas e solicita informe respecto da concorrencia de suposto de vista anormalidade ou desproporcionalidade nas baixas presentadas polos licitadores.

En cumprimento deste deber emítase o seguinte

INFORME

NORMATIVA APLICABLE

A lexislación aplicable ven esencialmente determinada nas seguintes disposicións:

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- O artigo 136, apartado 2, da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público dispón “1. **Cuando el único criterio valorable de forma objetiva a considerar para la adjudicación del contrato sea el de su precio, el carácter desproporcionado o anormal de las ofertas podrá apreciarse de acuerdo con los parámetros objetivos que se establezcan reglamentariamente, por referencia al conjunto de ofertas válidas que se hayan presentado.**

2. **Cuando para la adjudicación deba considerarse más de un criterio de valoración, podrá expresarse en los pliegos los parámetros objetivos en función de los cuales se apreciará, en su caso, que la proposición no puede ser cumplida como consecuencia de la inclusión de valores anormales o desproporcionados. Si el precio ofertado es uno de los criterios objetivos que han de servir de base para la adjudicación, podrán indicarse en el pliego los límites que permitan apreciar, en su caso, que la proposición no puede ser cumplida como consecuencia de ofertas desproporcionadas o anormales.”**

Desta forma, a Lei de contratos do sector público determina dúas posibilidades de regulación do carácter desproporcionado ou anormal nas baixas das ofertas: por unha parte, para o caso de licitacións co prezo coma único factor determinante da adxudicación, haberá que estar aos parámetros que se determinan regulamentariamente. No caso de licitacións con varios criterios de adxudicación a lei permite que nos pregos de cláusulas administrativas particulares se regulen estes parámetros que determinen un suposto de desproporcionalidade nas baixas.

No caso que nos ocupa, atopámonos ante o primeiro suposto, o prezo coma único factor determinante da adxudicación, e en consecuencia, estar aos parámetros obxectivos previstos regulamentariamente, que a xuízo deste informante, e de acordo co previsto neste artigo terían carácter imperativo e en consecuencia prevalecendo ante calquera previsión ao respecto que puidesen conter os pregos de licitación. A Junta Consultiva de Contratación Administrativa ven determinando en disitintos informes, coma pode ser en informe de 30 de xuño de 1999 que para os casos de subasta (un único criterio de adxudicación), os supostos e procedemento para apreciar as baixas desproporcionadas ou temerarias, está perfectamente reglado.

Respecto á referencia á regulación regulamentaria apuntada no citado artigo, temos que acudir ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que no seu artigo 85 establece os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias nas subastas, ou como agora se cualifica na Lei, adxudicacións en base a un único criterio de adxudicación, neste caso haberá de estarse ao previsto no apartado 4º, por concorrer na licitación máis de catro empresas:

“Se considerarán, en principio, desproporcionadas o temerarias las ofertas que se encuentren en los siguientes supuestos:

4. *Cuando concurren cuatro o más licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, si entre ellas existen ofertas que sean superiores a dicha media en más de 10 unidades porcentuales, se procederá al cálculo de una nueva media sólo con las ofertas que no se encuentren en el supuesto indicado. En todo caso, si el número de las restantes ofertas es inferior a tres, la nueva media se calculará sobre las tres ofertas de menor cuantía.”*

CONCLUSIONES

Aínda que na cláusula 17.4 dos pregos de licitación se establece uns parámetros de cálculo de determinación do carácter desproporcionado ou anormal nas baixas que presentan as ofertas, a xuízo deste informante haberá que estar, con carácter preferente respecto do establecido nos pregos e para o cálculo das mesmas, ás previsións do Regulamento da Lei de Contratos, pola remisión que para este tipo de licitacións establece a Lei de Contratos do Sector Público no seu artigo 136.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutro mellor fundado.”

Á vista do informe técnico municipal de data 15 de xullo de 2010, emitido polo Asistencia técnica Municipal:

“GUMERSINDO FERRO PICHEL, Arquitecto colexiado nº 1323 do COAG Delegación de Pontevedra. Actuando como Asistencia técnica municipal o Concello de Moaña.

A Petición da Alcaldía realizase o seguinte :

Informe: Sobre concurso de obras: Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro.

Antecedentes

En data 9 de xullo de 2010, constitúese mesa de contratación para a obra: **Conservación e reforma do Centro Cultural Rosalía de Castro**, solicitando na mesma valoración técnica para determinar a concorrencia de suposto de desproporcionalidade.

CONSIDERACIONES

1.-As empresas licitadoras presenta as propostas seguintes:

EMPRESA	BASE	IVE 18%	TOTAL
PORTOMAIA	361600,00	65088,00	426688,00
JESUS MARTINEZ	344240,69	61963,32	406204,01
CPS	423673,79	76261,28	499935,07
DICONSA	403356,90	72604,24	475961,14
TERRAUGA	356944,48	64250,01	421194,49

2.-Segundo o artigo 85.4 do Regulamento Xeral da Le ide Contratos das Administracións Públicas.

“4. cuando concurren cuatro o más licitadores, las que sean inferiores en más de 10 unidades porcentuales a la media aritmética de las ofertas presentadas. No obstante, si entre ellas existieran ofertas que sean superiores a dicha media en más de 10m unidades porcentuales, se procederá al cálculo de la nueva media sólo con las ofertas que no se

encuentren en el supuesto indicado. En todo caso, si el número de las restantes ofertase s inferior a tres, la nueva medias e calculará sobre las tres ofertas de menor cuantía.”

Por tanto calculada a media aritmética obtemos:

MEDIA ARITMÉTICA= 445.996,54 €

Se incrementamos a media no 10%, obteremos a cantidade que poida excluír a algún licitador por superar esta, resultando:

490.596,20 €

Debemos por tanto retirar do cálculo da media a oferta de CPS que acada a cantidade de 499.935,07 €

Se procedemos a calcular a nova media aritmética excluído o licitador CPS obtemos :

NOVA MEDIA ARITMÉTICA = 432.511,91 €

Se restamos a media o 10%, obteremos a cantidade que poida excluír a algún licitador por desproporcionalidade na baixa, resultando:

389.260,72 €

3.-Todas as cantidades ofertadas polo licitadores superan a cantidade de TRESCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (389.260,72).

Por todo isto dende o meu leal saber e entender e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir a seguinte:

CONCLUSIÓN

Ningunha das empresas licitadoras incorren en oferta desproporcionada, superando a cantidade mínima que acada a cantidade de TRESCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS SESENTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (389.260,72).”

A Mesa de Contratación da obra “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, á vista dos citados informes, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., cas seguintes condicións (A oferta presentada recolle un importe total de 399.319,20 euros pero cou IVE do 16%, polo que se reaxusta o importe ao 18% de IVE):

Prezo.- 406.204,01 euros. (344.240,69 euros + 61.963,32 euros de 18% de IVE).

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 12,20 horas.”

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Conservación e reforma Centro Cultural Rosalía de Castro” á empresa empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., polo prezo de CATROCENTOS SEIS MIL DOUSCENTOS CATRO EUROS E UN CÉNTIMO (406.204,01 euros). (344.240,69 euros + 61.963,32 euros de 18% de IVE), e un prazo de execución de seis meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 406.204,01 euros con cargo á partida 3340.62201 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 17.212,03 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19.1 dos pregos sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houberse presentado ca oferta. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

12.-.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA: CONVOCATORIA DE PRAZAS DE NOVO INGRESO

12.A) Visto o informe do director da Escola Municipal de Música do 19 de xullo de 2010, que di:

CONVOCATORIA PARA NOVOS INGRESOS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Unha vez recollidas as preinscricións dos alumnos que realizaron o curso 2009-10 da Escola Municipal de Música, o Concello de Moaña vai proceder a **1º- CONVOCATORIA DE 14 PRAZAS DE NOVO INGRESO NA MATERIA DE INICIACIÓN MUSICAL PARA ALUMNOS DE 4 A 7 ANOS E DE 5 PRAZAS EN FORMACIÓN INSTRUMENTAL NA ESPECIALIDADE DE TROMBÓN, BOMBARDINO, FRAUTA E PIANO PARA ALUMNOS DE 8 ANOS EN DIANTE PARA O CURSO 2010-11**, segundo as seguintes **ESPECIFICACIÓNS:**

1.1 FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA 14 PRAZAS DE INICIACIÓN MUSICAL (ALUMNOS DE 4 A 7 ANOS nados entre o 2006 e o 2003):

- Prazo: Días 13 ao 30 de setembro de 2010, ambos inclusive.
- Lugar: Casa do Concello de Moaña.
- Horario: Entre 8,30 h. e 13,30 h.
- Preferencia: Orde de entrada de instancias.

CADRO DE IDADES, PRAZAS E HORARIO DA CLASE

NADO NO ANO	Nº PRAZAS	HORARIO AULA SEMANAL
2006	4	Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2005	4	Luns: 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2004	3	Xoves, 17,30-18,30 h. (1 hora semanal)
2003	3	Martes: 18,00-19,00 h. (2 horas semanais) Venres: 17,30-18,30 h.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán primeiro recoller o impreso de preinscrición que estará ao seu dispor dende o día 13 de Setembro no Servizo de Información do Concello. Unha vez cuberto este impreso, deben entregalo de novo no Servizo de Información asegurándose de que toda a información requirida está debidamente cumprimentada.

Despois de comprobados no citado Servizo os datos, do neno/a, a través do DNI ou Libro de Familia, o Servizo de Información fará constar na instancia a hora de entrada.

Unha vez cuberto o número de prazas coas correspondentes preinscricións consideradas válidas, esta relación pasará á Xunta de Goberno Local para formalizar a inscrición definitiva, para o que se avisará telefonicamente aos titulares das solicitudes admitidas, sobre o proceso de matriculación definitivo, data e lugar de pagamento, etc.

As persoas que presenten instancia fóra das prazas ofertadas terán dereito a quedar rexistradas nunha lista de espera que se confeccionará segunda hora e data de entrada en rexistro.

1.2 **FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA 5 PRAZAS EN FORMACIÓN INSTRUMENTAL NA ESPECIALIDADE DE TROMBÓN, BOMBARDINO, FRAUTA E PIANO (NADOS no 2002 ou ano ANTERIOR) :**

PRAZAS OFERTADAS:

PARA ALUMNOS NADOS ENTRE O 2002 e o 1994

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: TROMBÓN

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: TROMBÓN OU BOMBARDINO

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: FRAUTA TRAVESEIRA

PARA ALUMNOS NADOS no 1993 ou ANTERIOR

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: PIANO

1 PRAZA DE ESPECIALIDADE: FRAUTA TRAVESEIRA

-Prazo, lugar e horario: os mesmos do apartado de Iniciación Musical.

-Preferencia: Orde de entrada das instancias.

-Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán primeiro recoller o impreso de preinscrición que estará ao seu dispor dende o día 13 de Setembro no Servizo de Información do Concello.

Unha vez cuberto este impreso, deben entregalo de novo no Servizo de Información asegurándose de que toda a información requirida está debidamente cumprimentada.

Despois de comprobados no citado Servizo os datos, do neno/a, a través do DNI ou Libro de Familia, o Servizo de Información fará constar na instancia a hora de entrada.

Unha vez cuberto o número de prazas coas correspondentes preinscricións consideradas válidas, esta relación pasará á Xunta de Goberno Local para formalizar a inscrición definitiva, para o que

se avisará telefonicamente aos titulares das solicitudes admitidas, sobre o proceso de matriculación definitivo, data e lugar de pagamento, etc.

As persoas que presenten instancia fora das prazas ofertadas terán dereito a quedar rexistradas nunha lista de espera que se confeccionará segundo hora e data de entrada en rexistro.

2º. CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN PARA ENTRAR EN LISTA DE ESPERA NA INICIACIÓN MUSICAL (Nados entre o 2006 e 2003) E NA FORMACIÓN INSTRUMENTAL (Nados no 2002 ou anterior).

Segundo as seguintes **ESPECIFICACIÓNS**:

-Prazo: Do 13 Setembro ó 31 de Decembro.

- lugar: Servizo de Información

- horario: 08:30 a 13:30

-Procedemento: Os pais, nais ou titores deberán recoller e cubrir a instancia que se lles facilitará no Servizo de Información, onde farán constar os datos propios e os do posible alumno así coma a especialidade a cursar entre:

Nados entre o 2006 e 2003:

Iniciación Musical

Nados no 2002 ou anterior:

**Trompeta –Trompa- Trombón Tuba-
Bombardino- Clarinete Saxo – Frauta -
Piano.**

Vista a proposta do concelleiro de Cultura para que se aprobe a actividade do informe do director da EMM,

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a convocatoria das 19 prazas nos termos recollidos no informe do director da Escola de Música.

12.B) Vista a proposta do director da EMM do 19 de xullo de 2010,

**CONVOCATORIA PARA A MATRÍCULA
DO ALUMNADO DA ESCOLA MUNICIPAL
DE MÚSICA
CURSO 2010- 2011**

Segundo os parámetros que establece o Regulamento de Réxime Interior de Centro e unha vez pechado o prazo de admisión de solicitudes de redución de prezo contempladas na ordenanza de prezos correspondente, procédese á formalización da matrícula e ó pago da cota do primeiro Trimestre co seguinte procedemento:

1 **Do 03 ó 15 de Setembro de 2010** formalizarase a reserva de praza mediante o **pago da taxa** de matrícula e a **cota correspondente ao 1º Trimestre** do curso 2010-11 no número de conta do Concello de Moaña:

2080 0529 05 0040000800

Constará en concepto:

- | |
|---|
| <ol style="list-style-type: none">1. Matrícula Escola Municipal de Música.2. nome do alumno3. nome do pai/nai/titor |
|---|

2 **Do 03 ó 15 de Setembro de 2010** o alumnado deberá presentar nas dependencias da Escola, en horario de 17:00h a 19:30h, o xustificante de pago que tanto pode ser o **resgardo de cor amarelo** coma o **boletín de matrícula co selo e sinatura** da oficina bancaria conforme as contías están pagas.

Adxunto este documento inclúese listado de alumnos con dereito a matrícula, no que se especifica nome de alumno, dos pais e o importe que lle corresponde pagar.

Visto o listado que acompaña o informe das persoas con dereito a matricularse, que comeza por Agra Currás, Sara A., e remata por Veleiro Carril, Uxía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a lista de preinscritos do curso e a convocatoria para a formalización da matrícula recollido no informe do director da EMM.

13.- CONTRATACIÓN EDUCADORA FAMILIAR POR INTERINIDADE.

A Xunta de Goberno Local, por acordo do 17 de maio de 2010, aprobou as bases de selección para a contratación dun/unha educador/a familiar de cara á substitución dunha baixa por maternidade, así como a súa convocatoria.

Vista a proposta do departamento de Persoal do 19 de xullo de 2010, que di:

Unha vez levada a cabo a selección dos candidatos á praza de educadora familiar para substituír á titular por baixa de maternidade, o Tribunal calificador propuxo a contratación de ANA CONCHEIRO SANTOS.

Unha vez que a titular xa tivo o fillo, proponse a contratación de ANA CONCHEIRO SANTOS.

Tipo de contrato: substitución

Duración: Mentres dure a baixa por maternidade da titular MARTA SANTOMÉ SANTIAGO.

Salario: 2.185,33 euros bruto mensual

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así contratar a D.^a Ana Concheiro Santos interinamente mentres dure a baixa por maternidade da titular.

14.- CONTRATACIÓN TRABALLADORES DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL: CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA e MANTEMENTO DE ZONAS VERDES

Vista a proposta da Alcaldía do 19 de xullo de 2010, que textualmente di:

Unha vez rematado o procedemento de selección dos traballadores que participarán nas obras ou servizos; Conservación da Rede Viaria e Mantemento de Zonas Verdes incluídas nos Programas de Cooperación Local 2010 do Concello de Moaña, e efectuada proposta de contratación por

parte do tribunal cualificador nomeado ao efecto, faise necesario aprobar definitivamente a contratación dos candidatos que resultaron seleccionados.

Polo anterior

Vista a urxencia na contratación das persoas seleccionadas motivada polos prazos dados pola Consellería de Traballo e Benestar na resolución de concesión para estes servizos.

PROPOÑO:

1º) Aprobar a contratación durante 5 meses, dende o 22 de xullo de 2010 até o 21 de decembro de 2010 dos seguintes traballadores nos seguintes postos, para executar a obra ou servizo “Conservación da Rede Viaria”:

OFICIAL 1ª ALBANEL
ÁLVAREZ MOREIRA, JOSÉ LUÍS

OFICIAL 1ª CANTEIRO
IGLESIAS RIOBÓ, JOSÉ LUÍS

PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES.
PARCERO GARCÍA, BEATRIZ

2º) Aprobar a contratación durante 9 meses, Dende o 22 de xullo de 2010 até o 21 de abril de 2011 dos seguintes traballadores nos seguintes postos, para executar a obra ou servizo “Mantemento de zonas verdes”:

OFICIAL 1ª XARDINEIRO
ROSALES MARTÍNEZ, ALFONSO

PEÓN XARDINEIRO.
MARTÍNEZ VÁZQUEZ, MARÍA JESÚS
DURÁN RÚA, CONCEPCIÓN

3º) As retribucións a percibir polos traballadores serán, para cada posto, as que se indican a continuación:

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA S.S.	CUSTO MES	I. CESE FINAL
CONSERVACIÓN DA REDE VIARIA (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).									
OFICIAL 1ª ALBANEL	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43	461,10
OFICIAL 1ª CANTEIRO	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43	461,10
PEÓN SERV. MULTIPLES	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65	425,85

OCUPACIÓN	SALARIO MES	COMP. POSTO	p.p. EXTRA	PLUS ESTRAS.	SALARIO BRUTO	BASE COTIZAC.	COTA S.S.	CUSTO MES	I. CESE FINAL
MANTEMENTO DE ZONAS VERDES (CONVENIO COLECTIVO DO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN).									
OFICIAL 1ª XARDINEIRO	1.093,23	36,00	188,21	85,00	1.402,44	1.317,44	497,99	1.900,43	829,98
PEÓN XARDINEIRO	1.042,91	0,00	173,82	85,00	1.301,73	1.216,73	459,92	1.761,65	766,53

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- CONTRATACION INFORMADORA PARA A OFICINA DE TURISMO

Dáse conta da proposta do Delegado de Servizos de data 14 de xullo de 2010:

“En data 7 de Xuño do 2010 a Xunta de Goberno aproba o listado de aspirantes a prazas que surxan na caseta municipal de turismo.

Actualmente temos contratada a primeira da lista JOSEFA VALLADARES HERBELLO, e contabamos con unha nova traballadora do plan anual de Cooperación, pero dado que non nos foi concedida propoño sexa contratada unha nova da lista, pois con unha soia non e posible desenrolar o traballo da caseta de turismo.

Revisada a lista lle tocara contratar a LIDIA RODRIGUEZ MARTINEZ dado que as que estan antes dela unhas están ocupadas e outra como n o caso de Monica Rodriguez Gonzalez atopase enferma.

PROPONSE a contratación de LIDIA RODRIGUEZ MARTINEZ, para os traballos da caseta de turismo, durante o periodo de 23/7/10 o 22/10/10, con un contrato de obras ou servizo determinado, salario de 827,42 euros brutos/mes.”

Asimesmo dase conta do informe da Intervención Municipal de data 15 de xullo de 2010, no que emite nota de reparo pola falta de autonomía nas tarefas a acometer polo traballador a contratar e falta de xustificación de circunstancias que motivan esta contratación.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención municipal por entender que a contratación responde a un previo proceso selectivo, onde concorreron os requisitos, de igualdade, mérito e capacidade, e por entender xustificada a contratación en base ás circunstancias expostas, atendendo á documentación obrante no expediente que se entende suficientemente xustificativo da contratación por obra ou servizo.

SEGUNDO.- Contratar a LIDIA RODRIGUEZ MARTINEZ, como informadora da caseta de turismo, a partires do 23 de xullo e ata o 22 de outubro do 2.010, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado, ao abeiro do artigo 1 b) e 3 do Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenrola o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, salario de 827,42 euros brutos/mes.

16.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

A vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JOSÉ PEREZ RÚA	Auga e Saneamento uso doméstico	Fonte da Vila Abelendo, 97	D. conexión 60 € Fianza.....20 € D. saneamento..... 180 €	Aparellador mun. Aqualia

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 18:55 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.